

O final do casal Limia-Seixas: a sentenza de anulación matrimonial de dona Xoana Vázquez das Seixas e Fernán Eanes de Limia (1398)¹

Miguel García-Fernández²

Ricardo Pichel³

Recibido: 15 de xuño de 2023 / Aceptado: 19 de novembro de 2023

Resumo. O matrimonio conformado por dona Xoana Vázquez das Seixas e Fernán Eanes de Limia tivo un notable protagonismo no concerto nobiliario galego de finais do século XIV, ademais de destacar no ámbito cultural por figurar os seus nomes nun lugar prominente do conxunto cronístico que conforma a chamada *Crónica geral galega* (BNE Ms. 8817), o que evidencia o seu papel nas dinámicas de posesión e circulación de textos da prosa medieval galega polas cortes señoriais. Porén, até o momento nada se sabía do final deste matrimonio, que non estivo motivado polo falecemento de ningún dos cónxuxes, senón por unha sentenza de anulación matrimonial, outorgada en 1398 e cuxa edición se ofrece aquí por vez primeira.

Palabras chave: matrimonio; sexualidade; mulleres; preitos; Galiza medieval.

[es] El final del matrimonio Limia-Seixas: la sentencia de anulación matrimonial de Xoana Vázquez das Seixas y Fernán Eanes de Limia

Resumen. El matrimonio conformado por doña Xoana Vázquez das Seixas y Fernán Eanes de Limia tuvo un notable protagonismo en el concierto nobiliario gallego de finales del siglo XIV, además de destacar en el ámbito cultural por figurar sus nombres en un lugar prominente del conjunto cronístico que conforma la llamada *Crónica geral galega* (BNE Ms. 8817), lo que evidencia su papel en las dinámicas de posesión y circulación de textos de la prosa medieval gallega por las cortes señoriales. Sin embargo, hasta el momento nada se sabía del final de este matrimonio, que no estuvo motivado por el fallecimiento de ninguno de los cónyuges, sino por una sentencia de anulación matrimonial, otorgada en 1398 y cuya edición se ofrece aquí por primera vez.

Palabras clave: matrimonio; sexualidad; mujeres; pleitos; Galicia medieval.

[en] The End of the Limia-Seixas Couple: the Marriage Annulment Sentence of Xoana Vázquez das Seixas and Fernán Eanes de Limia

Abstract. The marriage between Xoana Vázquez das Seixas and Fernán Eanes de Limia had a notable role in the Galician nobiliary panorama of the late 14th century, as well as standing out in the cultural sphere because their names appear in a prominent place of the chronistic set that makes up the so-called *Crónica geral galega* (BNE Ms. 8817),

¹ Este traballo foi realizado no marco dos proxectos de investigación “HERES: patrimonio textual panibérico. Recuperación y memoria” (CM/2018-T1/HUM-10230 e CM/2022-5A/HUM-24226), dirixido por Ricardo Pichel e “Patrimonio textual na Galicia medieval. Prosa documental e literaria” (2021-CP037), coordinado por Ramón Mariño Paz, Eduardo Moscoso Mato, Ricardo Pichel e Xavier Varela Barreiro. Así mesmo, beneficiouse das investigacións que se están a realizar no marco dos proxectos PID2019-108910GB-C22, PID2022-137790NB-I00, PID2022-141727NB-C22 e PID2022-141561OB-I00. Por outro lado, tamén forma parte das investigacións desenvolvidas por Miguel García-Fernández no marco do seu proxecto de doutoramento, “Mulleres e cultura escrita na Galicia medieval (séculos XII ao XVI)”, dirixido polos doutores Diana Pelaz Flores (USC) e Pablo S. Otero Piñeyro Maseda (IEGPS-CSIC).

² Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC-Xunta de Galicia) / Universidade de Santiago de Compostela. Correo-e: miguel.garcia-fernandez@iegps.csic.es / miguelgarciafernandez88@gmail.com. ORCID: <https://orcid.org/0000-0002-6257-4654>.

³ Universidad de Alcalá / Instituto da Lingua Galega (Universidade de Santiago de Compostela). Correo-e: ricardo.pichel@uah.es. ORCID: <https://orcid.org/0000-0001-9933-0293>.

which shows their role in the dynamics of possession and circulation of Galician medieval prose texts in the manorial courts. However, until now, nothing was known about the end of this marriage, which was not motivated by the death of either of the spouses but by a marriage annulment sentence granted in 1398 and whose edition is offered for the first time in this work.

Keywords: Marriage; Sexuality; Women; Litigation; Medieval Galicia.

Sumario. 1. O casal Limia-Seixas: dona Xoana Vázquez das Seixas e Fernán Eanes da Limia. 2. A sentenza de anulación matrimonial (1398). 3. Edición documental. 5. Referencias bibliográficas.

Como citar: García-Fernández, Miguel e Ricardo Pichel (2023): “O final do casal Limia-Seixas: a sentenza de anulación matrimonial de dona Xoana Vázquez das Seixas e Fernán Eanes de Limia (1398)”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 26, e94791, DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.94791>.

1. O casal Limia-Seixas: dona Xoana Vázquez das Seixas e Fernán Eanes da Limia

O matrimonio ou casal conformado por dona Xoana Vázquez das Seixas e Fernán Eanes da Limia recibiu recentemente a atención de diferentes investigadores, tanto dos interesados na historia social dos grupos de poder na Galiza baixomedieval, como tamén dos que cos seus estudos están a clarificar a nosa historia cultural (Pardo de Guevara y Valdés 2017: 448-451; Pichel 2017: 448-451). O porqué deste protagonismo historiográfico cabe procuralo nas valiosas fontes documentais que se conservan sobre o matrimonio, que, a pesar de non ser excepcionalmente numerosas desde o punto de vista cuantitativo, si son sumamente expresivas e proveitosas no cualitativo ao destacar a súa relevancia no concerto nobiliario do momento e tamén o seu papel nas dinámicas de posesión e circulación polas cortes señoriais dalgúns textos da prosa medieval galega.

No que a dona Xoana Vázquez das Seixas se refire, esta constitúe un bo exemplo do protagonismo feminino que tiveron numerosas mulleres da nobreza baixomedieval na súa condición de ricas herdeiras do patrimonio familiar e xestoras dos seus bens (García-Fernández 2017a: 149-173). No seu caso,

ademais, a súa posición viuse reforzada por ser a única sucesora do seu proxenitor, Vasco Gómez das Seixas⁴, quen exerceu o seu señorío sobre a pobra de Chantada e o seu alfoz, e quen aparece como documentado como meirño maior de Galiza entre 1377 e 1381, ademais de ser un destacado e censurado encomendeiro dos patrimonios monásticos galegos nas primeiras décadas de reinado da dinastía Trastámara (Pardo de Guevara y Valdés 2017: 448; Pichel 2017: 123-127). Respecto dos bens paternos, entre os documentos outorgados por dona Xoana cómpre subliñar un de 1395 polo que esta entregou, figurando como outorgante única, ao mosteiro de San Salvador de Chantada dous casares sitos na aldea de Vilapedre, que se localizan nas freguesías de San Xoán de Laxe e San Paio de Muradelle (conc. Chantada), dos que di que seu pai xa deixara desembargados ao mosteiro nas súas últimas vontades (Méndez Pérez, Otero Piñeyro Maseda e Romaní Martínez 2016: 417-418, doc. 139). É un instrumento que, máis alá do seu contido específico, pon de manifesto o notable protagonismo xurídico que tiveron as mulleres no seo da sociedade medieval galega, tal e como así queda reflectido noutras moitas fontes notariais conservadas para o estudo deste período (García-Fernández 2022a: 249-263). Entre estas, tamén constan mencións indirectas a dúas vendas realizadas por dona Xoana Vázquez das Seixas durante a súa vida: unha relativa aos coutos de Ardia, Moldes e Oubiña, que alleou a favor do cabido compostelán⁵, e outra coa terra da Repostaría, cuxo comprador foi Gonzalo Ozores de Ulloa, segundo consta no testamento deste último, outorgado en 1402 (Pardo de Guevara y Valdés 2017: 450).

Respecto do protagonismo social –e documental– de dona Xoana, cómpre lembrar como esta se viu inmersa nunha intensa disputa coa condessa dona Isabel de Castro, viúva do conde don Pedro, señor de Lemos, pola vila, a fortaleza e a terra de Chantada. Trátase dun conflito xudicial que, polo que reflecten as fontes, parece que dona Xoana tivo que afrontar en solitario. Ao fin e ao cabo, nada se di respecto da participación ou colaboración do seu cónxuxe,

⁴ A muller de Vasco Gómez das Seixas e mai de dona Xoana foi dona Elvira Álvarez Osorio, quen despois casou con Roi Gómez de Neira (Pardo de Guevara y Valdés 2017: 448).

⁵ O documento polo que o deán e o cabido de Santiago nomearon procuradores para que tomaran as propiedades que “nós compramos de dona Johanna das Seixas, muller de Fernán Eanes de Limja e filla que fuy de Vaasco Gomes das Seixas” data do 14 de agosto de 1396 (Cabana Outeiro 2007: 316-317, doc. 160).

Fernán Eanes de Limia, durante o proceso. Mesmo a única referencia de parentesco que se fai da protagonista nun documento rexio de 1401 é a que alude á súa condición de filla de Vasco Gómez das Seixas. É interesante este detalle, pois contrasta co caso de dona Isabel de Castro, quen aparece citada como “muger que fue del conde don Pedro”. Como veremos máis adiante, hai que entender isto por estarmos nun tempo no que xa fora outorgada a sentenza de anulación matrimonial que aquí se edita. Retornando ao preito entre dona Xoana e dona Isabel, é preciso sinalar que, se ben o trastamarista Vasco Gómez das Seixas señorara Chantada e a súa fortaleza –señorío que desfrutara a Casa de Lemos antes da guerra civil castelá entre Pedro I e o futuro Henrique II–, transmitindo posteriormente este dominio á súa única herdeira, dona Xoana, pola súa parte, dona Isabel de Castro consideraba que lle pertencía esta xurisdición como parte do dote que lle outorgara o seu pai, Álvaro Pérez de Castro –fillo extramatrimonial de Pedro Fernández de Castro, *el de la Guerra*–, con motivo do seu casamento cara a 1384-1385 co dito conde don Pedro –matrimonio do que nacerían os célebres duque don Fadrique de Arjona e dona Beatriz de Castro, quen chegaron a señoriar Lemos e outras propiedades da familia Castro na primeira metade do século XV–. Daquela, comezou unha dura disputa entre estas dúas mulleres, dona Xoana e a condesa dona Isabel. No marco deste conflito, no que a primeira retiña inicialmente a fortaleza de Chantada, dona Xoana e os seus sufriron un ataque por parte dunha mesnada da Condesa, o que a conduciu a denunciar estes feitos. Por este episodio, parece que dona Isabel foi condenada a devolver a casa forte e todo o saqueado, ademais de pagar unha multa de douscentos mil marabedís. Non obstante, a sentenza definitiva do preito principal pola xurisdición de Chantada ditaminouse en 1401 a favor de dona Isabel e contra dona Xoana. De feito, se esta última se viu condenada finalmente a entregar a praza de Chantada e a pagar unha indemnización en decembro dese ano, xa o 19 de marzo de 1401 Henrique III mandara a Lope Pérez de Taboada que cumprise a sentenza dada en grao de revista no preito sobre a vila e a súa fortaleza, coutos, encomendas e alfoz, que fora ditaminada a favor de dona Isabel. Remataba

dese modo o preito entre estas dúas mulleres, no que dona Xoana –nas vésperas da súa propia morte⁶– perdeu unha parte do patrimonio que sustentaba a súa posición social privilexiada nas terras de Chantada. Trátase dunha sentenza que foi ratificada incluso por Henrique IV moitos anos despois, concretamente o 15 de decembro de 1472, cando quen señoreaba o Condado de Lemos non era senón o xenro de dona Isabel, don Pedro Álvarez Osorio, quen fora marido de dona Beatriz de Castro (Díaz-Castroverde Lodeiro 2012: 82-84; Pichel 2017: 136-139; Méndez Pérez 2018).

É posible, no entanto, que os avances na localización e edición das fontes galegas permitan ampliar no futuro o rexistro documental sobre as actuacións xurídicas dunha muller como dona Xoana Vázquez das Seixas, que, polos datos sinalados, é evidente que participou activamente na administración e defensa do seu patrimonio familiar e persoal. Unha muller que, por outra banda, contaría cunha corte señorial da que formarían parte diferentes homes e mulleres que, polo momento, non é de todo ben coñecida. En todo caso, sabemos que un Lopo Nunes era “escudeyro da dita donpna Johanna” e un Fernando Vázquez era “seu clerigo” (Méndez Pérez, Otero Piñeyro Maseda e Romaní Martínez 2016: 417-418, doc. 139). Tamén é oportuno lembrar a figura do “comendador e castillero” Lopo Pérez de Taboada, quen se documenta cara a 1397 como defensor da casa forte de Chantada en nome de dona Xoana (Díaz-Castroverde Lodeiro 2012: 78) e un “Ruy Lopes de la Somoça, alcalde de la dicha villa de Chantada”, que actuou como procurador de dona Xoana no marco do preito que mantivo con dona Isabel de Castro segundo informa Henrique III en 1401 (Méndez Pérez 2018: 201-202).

Sen sabermos o momento exacto no que tivo lugar o casamento, certamente dona Xoana casou –ou foi casada– con Fernán Eanes de Limia, fillo do petrasta Álvaro Rodríguez de Limia e de dona Inés García de Soutomaior. Precisamente, esta filiación materna do cónxuxe, que o facía sobriño de Xoán Fernández de Soutomaior, é a que explica que Fernán reunise na súa persoa non só o importante legado e patrimonio dos Limia ou Lima, senón tamén dos Soutomaior, converténdose deste modo en

⁶ Aínda que descoñecemos a data exacta na que se produciu o seu falecemento, a partir desta altura deixamos de atopar máis referencias documentais sobre ela.

señor de Fornelos e de Soutomaior por cesión do seu tío, segundo o disposto por este no seu testamento e nunha doazón de 1371⁷. Porén, tras apoiar o monarca portugués, João I de Avis, no marco dun cambio de fidelidades que, por suposto, non era algo nin excepcional nin estraño no período medieval e menos aínda en áreas fronteirizas como a galego-portuguesa, Fernán perdeu o seu patrimonio e emprendeu o exilio portugués, onde acabou por recibir e conformar un destacado señorío (Sottomayor-Pizarro 2015: 40-45; Pardo de Guevara y Valdés 2017: 449). Neste sentido, podemos afirmar que 1398 constitúe un ano transcendental para Fernán Eanes de Limia, tanto no persoal como no político. Como veremos despois, ese ano comezou coa sentenza que puxo punto e final ao seu matrimonio con dona Xoana Vázquez das Seixas, pero tamén foi aquel no que colaborou con João I de Portugal no cercos de Salvaterra e Tui, polos que recibiu, a modo de agradecemento, a terra de Valdevez en maio e a torre de Giela en xuño. En todo caso, estes só foron algúns dos beneficios recibidos de mans da monarquía portuguesa, que se viron incrementados nos anos posteriores (Sottomayor-Pizarro 2015: 42-44). Tamén foi no reino veciño onde Fernán Eanes de Limia casou de novo, nesa ocasión con Teresa Gomes da Silva, mesmo antes do falecemento de dona Xoana, algo que só se chega a explicar con claridade tendo en conta o documento que agora se publica neste traballo. Comezaba así unha nova vida do outro lado da fronteira, onde, ademais, Fernán Eanes de Limia conseguiu deixar sucesión, xa

que do matrimonio con dona Xoana non consta que nacera ningún fillo ou filla.

En todo caso e antes de chegar ao punto final do matrimonio entre a Seixas e o Limia, a documentación refírese a ambos cónxuxes como responsables, por exemplo, do exercicio dun poder abusivo nas terras de Chantada e a súa contorna. Así consta nun documento de Henrique III, outorgado en abril 1395, polo que o monarca lles pedía a Fernán e a dona Xoana que respectasen e non tomasen as propiedades do mosteiro de San Salvador de Chantada, pois o abade querelárase contra eles porque “vos [Fernán Eanes de Limia] et dona Johana das Seixas, vostra muger, et vostros omes lles avedes fecho et faseades (...) muchos malles et danos et robos et conias et agraveos et sem razones” (Méndez Pérez, Otero Piñeyro Maseda e Romaní Martínez 2016: 410-412, doc. 136). Meses máis tarde, o mesmo monarca outorgou unha carta de seguro para que fosen investigados os danos causados polo matrimonio e os seus non só contra este mosteiro e contra os seus dependentes, senón tamén contra o concello e os homes bos de Chantada, así como contra as relixiosas do mosteiro bieito de Santo Estevo de Chouzán, que tamén se querelaron contra eles (*Ibid.*: 414-417, doc. 138). É oportuno insistir en que as queixas se dirixiron contra os dous, pois, dalgún modo, é un recoñecemento explícito de como a parella señorial –e non só o varón– era vista como corresponsable duns feitos sobre os que, de todos modos, pouco máis podemos precisar⁸. É evidente, pois, que as fontes conservadas mostran con claridade –e non é

⁷ Sirva este caso para insistir na importancia e plena operatividade das liñas femininas á hora de transmitir bens e dereitos sucesorios no sistema liñaxístico baixomedieval. Á marxe da preferencia por unha sucesión masculina, é interesante destacar que o nomeamento de Fernán como herdeiro do tío condicionábase no testamento deste a que Xoán Fernández de Soutomaior morrese “sen fillo ou sen filla” –pois as mulleres tenden a conservar a plenitude dos seus dereitos á herdanza dos proxenitores salvo que esteamos ante un desherdamento motivado (García-Fernández 2021)– e que son nomeados executores testamentarios non só varóns senón tamén a propia nai de Fernán; en concreto figuran como tal “meu tyo o bispo de Tuy et Alvaro Rodrigues de Limia, meu cunnado, et a minna yrmaa dona Eynes” (Sottomayor-Pizarro 2015: 41).

⁸ Convén sinalar, non obstante, que igual que o abade do mosteiro de San Salvador de Chantada xa se queixara contra o pai de dona Xoana –Vasco Gómez das Seixas– pola encomenda abusiva que exercía sobre varios coutos do seu mosteiro, o que derivou nunha resposta de Xoán I contra o acusado (Méndez Pérez, Otero Piñeyro Maseda e Romaní Martínez 2016: 389-392, doc. 124), o mesmo abade tamén actuou en nome da abadesa e o convento de Chouzán para queixarse de prácticas semellantes cometidas contra este mosteiro feminino, as cales tamén foron xulgadas negativamente polo mesmo monarca en decembro de 1380 (Archivo Histórico Nacional, Clero Secular-Regular, carp. 523, n.º 2). Vemos, pois, que nos tempos da súa sucesora o problema continuaba, o que parece evidenciar a perpetuación deste tipo de excesos e abusos señoriais á marxe das diferenzas de xénero. Aínda así, tamén é preciso advertir que neste contexto tamén se documentan prácticas de encomendación non abusivas senón procuradas polos propios mosteiros. Así, en 1385 foron os monxes de Santa María de Sobrado os que procuraron a protección de Vasco Gómez das Seixas por medio dunha carta de encomenda (Arquivo do Reino de Galicia, Colección de documentos en pergamiño, n.º 832).

un caso único, sobre todo no contexto da crise e reaxuste baixomedieval— como as mulleres tamén foron axentes poderosas no seo da sociedade medieval e, consecuentemente, eran (re) coñecidas como responsables de prácticas de poder abusivas, o que nos debe de afastar de visións historiográficas paternalistas ou que insistan na mera subordinación das mulleres aos maridos, así como na súa absoluta marxinação social. Con certeza, a realidade social que se nos mostra a través das fontes é moito máis complexa e nela as mulleres ocupan un papel destacado e activo.

Desde o punto de vista cultural, a presenza dunha nota escrita nun lugar prominente do ms. 8817 da Biblioteca Nacional de España, único testemuño do conxunto cronístico coñecido como *Crónica geral galega*—compilación que, xunto a outros pequenos fragmentos historiográficos, reúne as traducións galegas da *Estoria de España* e da *Crónica de Castilla*—na que constan os nomes dos dous cónxuxes (“Eu Fernando Yanes de Lymia” e “Eu Johana Vasques de Seyxas”), constitúe un dato moi significativo para coñecer os espazos señoriais nos que xurdiron, nos que se consumiron e polos que circularon boa parte dos textos literarios galegos durante a Idade Media (Pichel 2017: 120; Mariño Paz 2018: 109-110; Pichel 2021: 316-324). Así pois, este apunte permite confirmar que polas súas mans pasou este importante texto da prosa medieval galega, sen que sexa descartable que tamén contasen coa posesión do hoxe fragmentario *Livro de Tristam*, cuxa orixe pode vincularse ao patrocinio nobiliario dos Limia-Batisela nas primeiras décadas do século XIV, ao igual que sucede cos textos que integran a referida *Crónica geral galega* (Pichel e Varela 2017: 182-190; Pichel 2017: 116-123; Mariño Paz 2018: 109-110; Pichel *et al.* 2020: 47-55 e 77-90; Pichel 2021: 309-324). De feito, a propia dona Xoana podería ser considerada “o «gonzo» señorial que explica o paso das obras en cuestión desde os últimos Limia galegos á órbita da Casa de Lemos”, pois non se pode descartar que, ante a derrota xudicial da Seixas fronte a dona Isabel de Castro, parte dos bens que estiveran nas súas mans—incluído o patrimonio literario— pasasen aos Castro (Pichel 2017: 115 e 137-139; Pichel 2022: 86, n. 34).

Sexa como for e desde a perspectiva de xénero, todos estes datos, unidos aos xa referidos sobre a documentación na que constan as actuacións xurídicas de dona Xoana—especialmente no caso do documento de 1395 polo que entregou ao mosteiro de Chantada dous casares actuando como outorgante en solitario e no que o notario Roi Gómez de Ribadavia declarou escribilo “a pidimento do dito abbade et por mandado da dita dona Johana” (Méndez Pérez, Otero Piñeyro Maseda e Romaní Martínez 2016: 417-418, doc. 139)—, poñen de manifesto a estreita relación que mantería unha muller da nobreza como ela coa cultura escrita do momento, tanto a notarial e ligada á xestión patrimonial, como a literaria, máis alá de que esta última fose producida fundamentalmente por mans masculinas. Neste sentido, é un caso máis de muller que podemos recoñecer como facedora—ou promotora— e tamén como gardiá da cultura escrita medieval (García-Fernández 2022b).

2. A sentenza de anulación matrimonial (1398)

Entre a documentación do Archivo Diocesano de Astorga (ADA, Pueblos, III-26), de grande interese para o estudo da Galiza medieval—pois non hai que esquecer que parte do territorio oriental da actual provincia de Ourense pertencía durante a Idade Media, e segue a pertencer, á diocese de Astorga—, localízase un pergamiño de grande relevancia para coñecer o final do matrimonio conformado por dona Xoana Vázquez das Seixas e Fernán Eanes de Limia. Trátase da sentenza de anulación matrimonial pronunciada no mosteiro de San Francisco de Ourense por Afonso Fernández, cóengo da catedral de Ourense e xuíz nomeado polo chantre don Ares Fernández para actuar no preito promovido por dona Xoana contra o seu marido Fernán Eanes de Limia, quen estivo representado polo seu procurador Estevo Pérez da Fonte, notario, ao que lle outorgara unha carta de poder o 21 de xaneiro de 1398, que se traslada no propio pergamiño.

Este documento, até o de agora inédito e só rexestado por Gregoria Cavero Domínguez, César Álvarez Álvarez e José Antonio Martín Fuerte (2001: 181, doc. 1⁹), non só permite botar luz sobre o final deste matrimonio nas

⁹ Con motivo da elaboración dese rexesto aclárasenos que o pergamiño “serviu de cubierta a un libro de 1716/1717”, o que explicaría a integración deste no ADA, tendo en conta que, *a priori*, nada do seu contido o relaciona especialmente coa diocese asturicense.

vésperas do traslado de Fernán Eanes de Limia ao reino de Portugal, senón tamén coñecer certos detalles sobre algúns compromisos matrimoniais e posibles relacións afectivo-sexuais que involucraron diferentes parentelas da nobreza galega de finais do século XIV. Neste sentido, cómpre prestar atención aos diferentes argumentos que esgrimiu dona Xoana, á que, como xa sinalamos, lle correspondeu a iniciativa de “mover e poñer a demanda”¹⁰ e que en todo momento parece estar presente no proceso que se dirimía ante a igrexa auriense, para o que é preciso examinar o escrito que presentou o 24 de xaneiro de 1398 solicitando que o matrimonio fose declarado nulo; un documento que, ao igual que outros, tamén se traslada no pergamiño que contén a sentenza.

Por unha parte, un dos argumentos ten que ver coas relacións carnis que mantería Fernán cunha curmá de dona Xoana, Mor Díaz, filla do seu tío Diego Gómez das Seixas, antes da celebración do matrimonio. Este vínculo afectivo-sexual –ademais, dentro da familia– é asumido como un dos “grandes impedimentos que ontre min e el son, por los quaes, sigundo ius canónico e mandamento de santa igreja, as ditas palabras [de casamento] non trouxeron nen tragen efecto ontre min e el”.

Por outra parte, outro argumento de peso –non infrecuente noutros documentos similares como o que puxo punto e final ao matrimonio dos condes de Ribadavia, dona María Pimentel de Castro e don Bernardino Pérez Sarmiento (García-Fernández 2012: 59), ou ao matrimonio de dona Sancha de Lobeira e García Sarmiento, señor de Salvaterra (Real Academia de la Historia, M-59, ff. 23v–25r e 64r-65v)– é a existencia dun compromiso matrimonial previo no caso dalgún dos cónxuxes, que neste caso sería o de Fernán Eanes de Limia con dona Tareixa Vázquez, filla de Xoán Rodríguez de Biedma. Ademais, este casamento previo “por palabras de presente” fora cunha muller que dona Xoana recoñece tamén como “miña parenta en tanto grado que por razón das ditas palabras e casamento que o dito Fernán Anes

con [e]la fezo, non podía depois o dito Fernán Anes conmigo casar”. Este grao de parentesco próximo concretase en que dona Tareixa Vázquez era “tía de miña madre, sigundo entendo declarar e probar se me for negado”, o que leva a dona Xoana a falar directamente de pecado “por razón de cuñadíos” e a solicitar “fazer de nosos corpos a outra parte cada ùu o que lle Deus guisar”.

Ante estas acusacións o procurador de Fernán Eanes non fixo senón confirmar que este “dormira con a dita Mayor Díaz carnalmente” e que houbera “pleitos de casamento con a dita Tereija Vaasques”, aínda que negaba o parentesco destas mulleres con dona Xoana, tal e como afirmaba esta última. Isto fainos pensar na posibilidade de que un ou ambos vínculos de parentesco puidesen deberse a relacións extraconxugais, de aí que non fosen suficientemente coñecidos ou que, cando menos, unha das partes puidese alegar a súa inexistencia.

En todo caso, sendo este tema do parentesco entre dona Xoana e as outras dúas mulleres un aspecto fundamental para resolver o preito, o Chantre deulle a oportunidade á Seixas para presentar testemuñas, cuxas declaracións, iso si, non foron trasladadas neste documento. En todo caso, tras escoitar os testemuños presentados, o xuíz comisionado deu por probado que o tío de dona Xoana tivera por filla a Mor Díaz e incluso que “o dito Vaasco Gomes [pai de dona Xoana] que a criou e teve por sobriña”, así como que Tareixa Vázquez era parenta de dona Xoana por parte “da madre dentro enno quarto grado”.

Ao final, a sentenza do 9 de febreiro de 1398, outorgada no mosteiro de San Francisco de Ourense, resulta clara e contundente: dona Xoana e Fernán Eanes –os dous cónxuxes cuxos nomes quedaron unidos para a posteridade en textos tan relevantes como o códice da *Crónica geral galega*– debían separar os seus corpos ao quedar anulado o seu matrimonio, confesarse cos seus capeláns para recibir a correspondente penitencia “por razón do pecado

¹⁰ Respecto a isto, é difícil –ou practicamente imposible– saber se puido haber presións polo medio á hora de iniciar o preito, como si denunciou no seu caso dona María Pimentel de Castro en 1487, ao indicar que o que fora durante anos o seu marido, don Bernardino Pérez Sarmiento, e co que tiña dúas fillas –futuras condessas de Ribadavia xa no século XVI–, a maltratara e, segundo un documento dos Reis Católicos dirixido ao marido acusado, “la tovististes detenida en una vuestra fortaleza e la apremiastes a que constituyese un procurador para entre vos e ella se tratase pleyto ante los provisosores de Palençia sobre el divorçio del dicho matrymonio”, o que efectivamente faría, pois na sentenza de anulación matrimonial indicase que a demandante fora “la magnífica señora doña María Pimentel, condessa de Ribadavia” (García-Fernández 2012: 58-63).

que así ontr' eles ouvo” e, finalmente, debían pagar “paguen o proceso do notario e esta sentenza e o selario do acesor de por medio”, cantidades que se indican nunha nota final contida no propio pergamiño¹¹. Aínda que se contempla a posibilidade de apelar, sobre todo no caso do procurador de Fernán Eanes de Limia, non sabemos se así foi pois, certamente, polo momento non se teñen atopado novas fontes documentais que permitan falar de actuacións ou de máis referencias conxuntas posteriores de dona Xoana Vázquez das Seixas e Fernán Eanes de Limia.

En todo caso, é evidente que a relevancia histórica e historiográfica deste documento é innegable, atendendo tanto á relevancia social dos implicados no concerto nobiliario da Galiza de finais do século XIV como á propia conservación dun tipo de documento que, sen ser único, tampouco é especialmente frecuente. De feito, a pesar de que rexistramos outras separacións ou disolucións conxugais no seo da nobreza baixomedieval galega –como a xa referida dos Condes de Ribadavia nas últimas décadas do século XV ou a de dona Sancha de Lobeira e o señor de Salvaterra–, aínda son moitas as reflexións e procuras documentais que debemos realizar de cara a clarificar os procesos, tempos, motivos e concrecións das separacións conxugais no seo da sociedade medieval galega. É certo que sabemos do rexeitamento a aceptar determinadas alianzas matrimoniais por parte de mulleres como dona Maior de Ulloa, mesmo despois de que as súas familias as estableceran (García-Fernández 2012: 51-57), así como de separacións *de facto* –que non *de iure*– como a que afectou a dona Aldonza de Mendoza e ao duque don Fadrique de Arjona nos últimos anos da súa vida

(García-Fernández 2022c: 52)¹¹, e sen esquecer outras ratificadas mediante escritura pública – como sucedeu co pedreiro Fernán Miguélez e a súa muller Dominga en Rianxo no ano 1457¹²–, mais novas pesquisas deberán axudarnos a clarificar máis e mellor unha realidade certamente complexa como a do matrimonio baixomedieval e as súas fisuras, cuxa realidade histórica desborda a teoría do exitoso modelo matrimonial cristián promovido pola Igrexa durante a Plena Idade Media (Duby 1982); un modelo matrimonial cuxa difusión non anulou nin relacións alternativas como a barraganía, nin o incumprimento dalgúns dos seus principios esenciais como os da indisolubidade ou a exogamia. As excepcións e prácticas sociais foron, sen dúbida algunha, moito máis ricas e sobre elas seguiremos profundando.

En todo caso, con este traballo apenas veremos botar un pouco máis de luz sobre unha parte da realidade histórica vivida polas mulleres galegas durante os séculos baixomedievais, especialmente nun caso como o de dona Xoana Vázquez das Seixas, cuxo matrimonio con Fernán Eanes de Limia presenta unha notable significación no marco da nosa historia cultural, mais que rematou, como demostra o documento aquí presentado, dun xeito diferente ao que até o de agora imaxinaba a historiografía.

3. Edición documental

Ofrecemos a continuación a presentación crítica do documento en cuestión, de acordo cos criterios editoriais fixados pola Rede internacional CHARTA¹³ para a edición de documentos antigos hispánicos, adaptados ás particularidades escripto-lingüísticas dos textos galegoportugueses medievais contempladas no EGPA (*Escritorio Galego-Portugués Antigo*)¹⁴.

¹¹ Polo seu interese histórico-económico, reproducímolos tamén aquí: “Taixada esta sentenza e outra atal que levou o procurador de Fernán Ianes, cada ùa, cento e viinte moravedís, sem o selario do notario, que monta con o acesor CCXL² moravedís”.

¹² A este tipo de separacións poderíanse engadir outros casos galegos, incluídos os daquelas mulleres que fuxiron dos seus maridos, algo que no caso de dona Sancha de Lobeira parece que foi un paso previo ao posterior preito e sentenza de divorcio. *Vid.* García-Fernández 2017b: 256-257.

¹³ O documento notarial fíxose ante Fernando de Catoira, o xuíz Gómez de Ribademar e Diego Maseda, moradores de Rianxo, e explícita como motivacións que “el nõ era cõtento da vjda que fãja cõ Dominga, sua moller, e por nõ cabasal mal” entre eles, ao que Dominga sinalou que “lle prasía e que así mjsmo lo soltaua (...) e se quitaua del para que fosẽ libres”, comprometéndose a non acusarse o un ao outro (Tato Plaza 1999: 137-138, doc. 84).

¹⁴ Neste repositorio dixital pódese consultar tanto a edición como a transcripción paleográfica en formato electrónico deste documento (EGPAdoc-0040: <https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=file&id=EGPAdoc-0040.xml> [consulta: 19/11/2023]). Indicamos entre parénteses rectas a reconstrución editorial daquelas secuencias deturpadas polo estragamento do soporte, ber por ilexibilidade ([...]), ben por rotura ([---]). En itálico sublíñanse as palabras ou pasaxes puntuais copiadas noutra lingua (castelán ou latín). Agradecemos ao Arquivo Diocesano de Astorga e a D. Miguel Angel González a amabilidade para a consulta e reprodución do documento.

1398, febreiro, 9

Afonso Fernández, cóengo da Igrexa de Ourense, xuíz comisario por delegación do chantre de Ourense, don Ares Fernández –segundo un documento do 4 de febreiro que se traslada– dita setenza no preito que mantivo dona Xoana Vázquez das Seixas, filla de Vasco Gómez das Seixas, contra Fernán Eanes de Limia, quen é representado polo seu procurador Estevo Pérez da Fonte –sendo incorporado o poder que lle outorgou en Ourense o 21 de xaneiro–, despois de ver o escrito presentado pola devandita dona Xoana o 24 de xaneiro. Nel pedía a anulación do matrimonio pola existencia dun compromiso matrimonial previo de Fernán Eanes coa súa parenta Tareixa Vázquez, filla de Xoán Rodríguez de Biedma, e polas relacións carnis que mantivera coa súa curmá Maior Díaz, filla do seu tío Diego Gómez das Seixas.

A - Archivo Diocesano de Astorga, Pueblos, III-26. Pergamiño, orixinal, galego (e puntualmente castelán e latín), gótica cursiva redonda, 540 x 510 mm. Regular estado de conservación (con algunhas roturas e manchas de humidade).

Ed.: EGPA doc-0040.

Rex.: Caverro Domínguez, Álvarez Álvarez e Martín Fuertes 2001: 191, doc. 1.

Sábean quantos esta carta de sentença viren como enno ano do nacemento de noso señor Jesucristo de mil e trezentos e noventa e oito anos, viinte e quatro días do mes de janeiro, enno oulvar do moesteiro de San Francisco da cidade d'Ourense, en presenza ^{|2} de min, Nuno Gonçalves, notario público d'Ourense porlo bispo e porla igrexa dese lugar, e das testimuyas adeante escritas, ante don Ares Fernandes, chantre enna igrexa d'Ourense, pareceron en juízo por si, da ùa parte, dona Joana das Seixas, filla de Vaasco Gomes das Seixas e mo^{|3}ller de Fernán Ianes de Limia, e, da outra parte, Estévõ Peres da Fonte, procurador do dito Fernán Ianes de Limia e en nome del, segundo que logo mostrou o dito poder por ùa carta de procuraçón escrita en papel feita e signada por notario público, o tenor da qual he este que se sigue:

^{|4} Sábean quantos esta carta de procuraçón viren como eu, Fernán Ianes da Limia, faço e ordeno e estabesco por meu certo procurador verdadeiro, liídemo, geeral, avondoso en todo, así como el mellor e máis compridamente pode seer e de dereito máis valer sigu[n]do o dereito manda, a Estévõ Peres da ^{|5} Fonte, notario, portador desta presente

carta de procuraçón. Ao qual dito meu procurador dou e outorgo todo meu libre e complido poder que el por min e enno meu nome posa responder en tódoslos pleitos e contendas e demandas movudas e por mover que eu ei e aspero de aver contra Joana Vaásquez ^{|6} das Seixas, ou contra seus procuradores ou contra outras quaesquer pesõas ou que ela ha ou aspera de aver contra min, e entrar e[n] juízo sobre qualquer razón se mester for con a dita Joana Vaásquez, ou con qualquer ou quaesquer pesõa ou pesõas que a min demanden ou eu queira demandar perante o chantre ^{|7} da igrexa d'Ourense ou perante os seus vigarios, ou perante outro ou outros qualquer ou quaes[quer] juíz ou juízes, clérigos ou leigo ordenario ou delegado, así eclesiásticos como seculares, que do pleito ou pleitos posan e devan coñocer de dereito ante quen esta procuraçón acaecer de dereito para fazer, ^{|8} pedir, demandar, responder, defender, amparar, razoar, recontar, reconvijr, recusar, frontar, protestar, negar, coñocer, dizer e alegar, propoer exceções, poer libelos, dar e porreger e a outros responder, jurar en miña alma juramento de coómea e de dizer verdade, e outro ^{|9} qualquer juramento que lle for demandado, carta ou cartas gaañar e outras purgar e empuñar, testar e contradizer beneficio de restituição *integrum* e de ausoliçón simplemente, e aa captela pedir, e receber testimuyas e estormentos, e outras quaesquer escrituras en provas dar, e as testimuyas contra min veer ^{|10} jurar e dizer contra elas nos ditos e pesõas, e fazer prova en contrario se mester for, pleito ou pleitos concluir, sentença ou sentenças pedida[s] oír e apelar e suplicar, e a apelaçón e súplica an seguir e dar quen a siga, e outro ou outros procurador ou procuradores substituír e fazer ^{|11} sobre esta razón así en juízo como fóra del tódaslas cousas e cada ùa delas que boo, liídemo, geeral procurador pode e deve fazer de dereito. E tódaslas cousas e cada ùa delas ca porlo dito meu procurador e porlos seus substituitos for feito e dito e trautado e procurado, eu o dito ^{|12} Fernán Ianes o outorgo e ei por firme e estávil *sub* obrigaçón de todos meus bẽes que para elo obligo. Feita a dita procuraçón viinte e ùu días de janeiro, ano do nacemento de noso señor Jesucristo de mil e trezentos e noventa e oito anos. Testimuyas que a esto foron presentes: Meen Rodrigues ^{|13} d'Oleiros, Meen Rodrigues de Taagilde, Pai Gomes, Gonçalves Anes Agulla, João Gonçalves das Penu[.]jas

e outros. E eu, Álvaro Gonçalves, notario público por noso señor el Rei enna vila de Milmanda e en seu alfoz, que a esto presente foi e esta carta de procuraçón escribí, e aquí meu nome puge e ¹⁴ fiz meu signal en testimonio de verdade que tal he.

A qual carta de procuraçón presentada e liúda, a dita dona Johana [p]resentou ù escrito en papel, do qual o tenor he este que se sigue:

Ante vós, don Ares Fernandes, chantre enna igreja d'Ourense, eu, dona Joana das Seixas, ¹⁵ en juízo propoño perante vós contra Fernán Ianes de Limia, morador enno dito chantrádego, e recontando o feito da verdade, digo que en como eu ouvese recibido ao dito Fernán Ianes en meu e el a min en súa por palabras de presente, eu e el non sabendo os grandes impedimentos ¹⁶ que ontre min e el son, porlos quaes, sigundo *ius* canónico e mandamento de santa igreja, as ditas palabras non trouxeron nen tragen efeuto ontre min e el, que os ditos impedimentos son taes que impediron as ditas palabras e matrimonio d'ante e agora posto que y aja avido có¹⁷pula carnal durante o dito matrimonio, por que digo que o dito Fernán Anes ante do dito matrimonio conjunto dormira con Moor Díaz, miña prima, filla de Diego Gomes das Seixas, que era irmão de meu padre Vaasco Gomes, e conocea carnalmente. Outrosí digo máis que, ante ¹⁸ que o dito Fernán Ianes ouvese connigo as ditas palabras, casou por palabras de presente con Tereija Vaasques, filla que foi de Joan Rodríguez de Bema, a qual dita Tereija Vaasques era miña parenta en tanto grado que por razón das ditas palabras e casamento que o dito Fernán Anes con [e]lla fezo non podía ¹⁹ depois o dito Fernán Anes connigo casar como aquela que era tía de miña madre, sigundo entendendo declarar e probar se me for negado. E vós, chantre, ben sabedes que se algũs son juntados en tal pecado que a igreja os manda devedir por razón dos ditos cuñadíos ou cada ²⁰ ù deles. Por ende vos peço que per vosa sentença pronunciades todo esto seer así verdade, e por esa meesma sentença pronunciades as ditas palabras non valeren e o dito matrimonio seer nihũu, por razón do pecado en que así fomos conjuntos, mandando a cada un ²¹ de nós, sen embargo das ditas palabras e matrimonio, fazer de nosos corpos a outra parte cada ù o que lle Deus guisar. Esto digo porla mellor

parte, maneira e forma que poso e devo de dereito, protestando todo meu dereito seer a salvo adeante en todas ²² cousas de máis e de menos e toda prova que de dereito deva fazer.

Contra a qual demanda o dito Estévõ Peres, procurador do dito Fernán Ianes, en respondendo a ela e contestándoa ao termio que lle foi asignado porlo dito chantre juíz sobredito, diso e respondeu que confesava que era ²³ verdade que o dito Fernán Ianes dormira con a dita Mayor Díaz carnalmente, e outrosí que ouvera os ditos pleitos de casamento con a dita Tereija Vaasques sigundo a dita dona Joana dezía. Mais diso en nome do dito Fernán Ianes que negava aa dita dona Joana que nihũa nen algũa destas sobre²⁴ditas que non eran parentas da dita dona Joana enno grado que ela dezía, e que por esto a dita dona Joana que se non escusava de fazer maridança ao dito Fernán Ianes, seu marido. Sóbrelo qual a dita dona Joana diso que avía por confeso da súa parte e en ajuda de seu dereito a con²⁵fesón feita porlo dito Estévõ Peres, procurador do dito Fernán Ianes, en que confesara aver o dito Fernán Ianes dormido carnalmente con a dita Moor Díaz, e outrosí aver feitos os ditos pleitos de casamento con a dita Tereija Vaásquez, e que en quanto lle negava que as ditas Moor Díaz e Tereija Vaasques non ²⁶ eran súas parentas enno grado que alá dizía, que podía seer recibida aa prova con certas protestaçõs que fezeran as ditas partes; para o qual a dita dona Joana pediu ao dito chantre que lle asignase termios e produçõs a que fezesse a dita prova, e os quaes termios e produçõs lle foron ²⁷ asignados en presenza do dito Estévõ Peres, procurador do dito Fernán Ianes. E aos ditos termios presentou súas testimuyas, as quaes foron recibidas porlo dito chantre e juramentadas en presenza do dito procurador do dito Fernán Ianes e sacretamente preguntadas sigundo forma de dereito. E despo²⁸is desto foi [...] a dita prova e publicados os ditos e testimonios das ditas testimuyas en presenza da dita dona Joana e do dito procurador do dito Fernán Ianes. E dito e preguntado ao dito Estévõ Peres porlo dito juíz se quería algũa cousa dizer contra as ditas testimuyas e co[nt]ra seus ditos, ²⁹ que o disesse, e [man]dava d[ar] o traslado delas. Sóbrelo qual o dito Estévõ Peres, en nome do dito Fernán Ianes, diso que non quería máis dizer, mais que pedía ao dito chantre juíz sobredito que vise e examinase o dito e testimonios das testimuyas presentadas porla dita dona Joana e o que el ³⁰ avía dito e al[...] dereito do dito Fernán Ianes e a

negativa por el feita, e vise este dito pleito e [...] sse e determinase sigundo achase por dereito. Sóbrela qual ámbaslas ditas partes concluíron e pediron sentenza perante o dito chantre e en como o dito ³¹ pleito as conclu[...] en este ponto e estado a Afonso Fernandes, cóengo enna igrexa d'Ourense, por carta de comisión signada de notario público. A qual carta o dito Afonso Fernandes deu e entregou a min, notario, que a incorporase en este dito pleito e proceso, o tenor da qual he ³⁰ este que se sigue:

[...] enno [m]oesteiro de San Francisco d'Ourense, día lúes, quatro días do mes de febreiro, ano do nacemento de noso señor Jesucristo de mil e trezentos e noventa e oito anos. En presenza de min, Gomes Peres de Penavígia, escriván de noso se³³ñor el-Rei e seu notario pú[blico] [...] e [en] tódolos seus regnos e notario público d'Ourense porlo bispo e porla igrexa des[e] lugar, e das testimuyas adeante escritas, estando presente enno dito lugar don Ares Fernandes, chantre da igrexa d'Ourense, e outrosí estando y presente dona ³⁴ Joana, moller de Fernán Ianes, [e outrosí estando] y presente Estévõ Peres da Fonte, procurador que diso que era do dito Fernán Ianes. Estonce o dito don Ares Fernandes, chantre, diso que pleito fora e era perante el ontre a dita dona Joana, da ùa parte, e o dito Estévõ Peres, así como procura³⁵dor que se mostrara do dito Fernán Ianes, da outra [parte. O] qual pleito diso que a dita dona Joana movera e posera demanda ao dito Fernán Ianes e ao dito Estévõ Peres en seu nome, dizendo que lle non debía fazer maridanza por certos embargos que ontre [eles] avía, sigundo máis comprida³⁶mente posera e declarara en súa demanda, sóbrela qual o dito Estévõ Peres, en nome do dito [Fern]án Ianes, respondera e dera súa contestación en escrito, sóbrela qual foran presentadas testimuyas por parte da dita dona Joana. E tirado e publicado o dito e testimuyos delas, sigundo máis com³⁷pridamente pasara e estava escrito en ùn proceso de pleito que sobr'esta razón [...] público, o qual logo o mostrou en súa mñaõ e o qual diso que era concluso d'ámbaslas ditas partes. E porque el avía término asignado a ámbaslas partes a que parecisen ambos ³⁸ para lles asignar termio para dar sentenza no dito plei[to],

diso que porque seerá ocup[a]do de algũs negoços a que [...] ir a outras partes, e outrosí porque se temía de peligrar seu corpo se en este tempo aquí estovese, porlo qual por si meesimo non podía dar sentenza enno ³⁹ dito pleito. Por ende o dito don Ares Fernandes, chantre, di[so] que el confiava da bõa discreçõn e entendemento e sabedoría de Afonso Fernandes, cóengo da dita igrexa d'Ourense, que presente estaba, [e] diso que cometía e cometeu súas veces, e dava e deu logo todo seu poder comprido ao ⁴⁰ dito Afonso Fernandes por que podese dar e dese sentenza ou s[entenç]as interlocutorias ou defenitivas enno dito pleito e [...] del aquelas que achase por dereito. O qual proceso do dito pleito lle logo deu e entregou en súa maaõ en presenza de min, dito notario; e toda sentenza ou sentenças ⁴¹ que o dito Afonso Fernandes dese enno pleito, así interlocutorias com[o] defenitivas, diso o dito Ares Fernandes, chantre, que as outorgava e avía por firmes e por estables para sempre, así como se as el mesmo dese presente sendo, sóbrela qual diso que encarregava a alma e conciencia ⁴² do dito Afonso [F]ernandes e desencarregava a súa. E o dito Afonso Fernandes [diso] que el por onra e reverencia do dito don Ares Fernandes, chantre, que recibía e tomava en si [o] dito pleito e proceso del en quanto podía e devía; e esto mesmo o dito poder que lle o dito don Ares Fernandes, chantre, dava ⁴³ pro[tes]tando¹⁵ toda vía de non livrar nen proceder en el, senón aquilo que achase por dereito, e que amais el nen seus [...] fosen tiúdos e obrigados. E log[o a] dita dona Joana e o dito Estévõ Peres, en nome do dito Fernán Ianes de Limia, cada ùn deles porla súa parte, pediron ao dito ⁴⁴ Afonso Fernandes, cóengo, así como a juíz comisario dado e deputado en este dito pleito e negocio porlo dito don Ares Fernandes, chantre, que lles asignase termio para dar senten[ça] no dito pleito. E logo o dito Afonso Fernandes diso que el, porlo dito poder que lle era dado do dito don Ares Fernandes, chantre, que asigna⁴⁵va e asignou término para dar sentenza no dito pleito para día quarta feira primeira que vén e d'ende en deante para cada día, non sendo feriado. Testimuy[a]s que foron presen[t]es: Diego Torto, García

¹⁵ A lectura e reconstrución desta forma non é segura, mais parece a máis probable.

de Paradela, escudeiros; Álvaro Enrique, notario d'Ourense; Afonso García, criado do dito chantre; frei Diego de Goyos, ⁴⁶ fraire de San Francisco, e outros. *E yo, Gomes Peres, notario sobredicho, a esto que dicho es presente fue con los dichos testigos, e en mi presencia lo fiz escribir, e en este instrumiento de comisión e poder que d'ello di al dicho Alfonso Fernandes, canónigo, mi nombre e mi signo fiz que es tal en testimonio de verdat.*


⁴⁷ E en como despois desto, ante o dito Afonso Fernandes, juiz comisario, pareceron a dita dona Joana por si e o dito Estêvão Peres, procurador do dito Fernán Ianes e en nome del, e consintiron enno dito Afonso Fernandes por juiz e pedíronlle, sigundo pedido avían ao dito chantre, que vise e exsa⁴⁸minase o dito pleito e proceso e livrasse en el sigundo que achase por dereito, ca eles que concludían e ençarravan razóns e pedían sentenza, sigundo que pedido avían, sigundo que todo esto e outras cousas mellor e máis compridamente son contiúdas enno proceso do dito pleito. ⁴⁹ E o dito Afonso Fernandes, juiz comisario, ouvo o dito pleito por concluso e asignou certo termio para dar en el sentenza en presenza das ditas partes. E ao termio así por el asignado, presentes as ditas partes, deu ùa sentenza en escrito, a qual leeu por si meesmo o tenor, da qual he este ⁵⁰ que se sigue:

Eu, Afonso Fernandes, cóengo enna igreja d'Ourense, juiz comisario dado e deputado enno negocio *sub* escrito por don Ares Fernandes, chantre, enna dita igreja d'Ourense, he a saber en ùo pleito que dona Joana das Seixas moveu contra Fernán Ianes de Limia. Vista ⁵¹ a demanda posta porla dita dona Joana perante o dito chantre contra o dito Fernán Ianes de Limia en que diso que se ouveran recibidos ela e el por palabras de presente, e que non sabendo os grandes impedimentos que ontre eles eran, os quaes, sigundo *ius* canónico e mandamento de Santa Igreja, ⁵² as ditas palabras non trouxeron efeuto por razón de empedimentos, porque diso que ante do dito matrimonio conjunto o dito Fernán Ianes dormira con Moor Días, súa prima, filla de Diego Gomes das Seixas, que era irmão de seu padre Vaasco Gomes, e que a coñocera carnalmente, ⁵³ e que casara ante das ditas palabras con Tereija Vaasques, filla que foi de Joán Rodrigues de Bema, a qual era súa parenta en tanto grado que, por razón das

ditas palabras e casamento que o dito Fernán Ianes con ela fezera, non podía despois con ela casar como aquela que era tía de ⁵⁴ súa madre; e se algũ[s] eran conjuntos en tal pecado, que a igreja os mandava devedir por razón de cuñadíos. E visto o pedimento que sobr'elo fezo ao dito chantre en que lle pediu que pronunciase as ditas palabras non valeren, e o dito matrimonio seer nihũu por razón do pecado en ⁵⁵ que así foran conjuntos, mandando a cada ùo deles sen embargo das ditas palabras e matrimonio fazer de seus corpos a outra parte cada ùo o que lle Deus guisase, sigundo todo esto e outras cousas mellor e máis compridamente poso en súa demanda e petición; e visto a resposta e contes⁵⁶taçón do procurador do dito Fernán Ianes en que diso que, respondendo aa demanda posta porla dita dona Joana, que confesava que era verdade que o dito Fernán Ianes dormira con a dita Moor Días carnalmente, e outrosí que ouvera os ditos pleito[s] de casamento con a dita Tereija Vaasques, sigundo a dita ⁵⁷ dona Joana dezía, mais diso que lle negava que nihũa destas sobreditas que non eran súas parentas enno grado que ela dizía, e por ende que se non escusava de fazer maridança ao dito Fernán Ianes sigundo esto e outras cousas [que] poso en súa contestaçón; e visto a reparaçón posta porla ⁵⁸ dita dona Joana en que diso que pois o procurador do dito Fernán Ianes negava que as sobreditas non eran súas parentas en tanto grado como disera, que pedía seer recibida aa prova, e que pedía ao dito chantre que a recebesse a ela e lle asignasen os termos e produções do dereito en que a fezese; ⁵⁹ e visto en como foi recibida aa dita prova sóbrela dita negativa e aos termos que lle foron asignados, presentou súas testimuyas, as quaes foron emprazadas e juramentadas, presente a parte do dito Fernán Ianes e sacados seus ditos e testimuyo en secreto e apartadamente cada testimuya sobre si; ⁶⁰ e visto en como foron publicadas e os ditos e deposições que diseron; e visto as contraditas e o al que porla parte rea foi dito e alegado contra a dita prova feita porla dita dona Joana e o que ela diso e alegou contra elo, e o juramento que fezo o procurador do dito Fernán Ianes; e esso ⁶¹ mesmo examinado a comisión e poder que me foi dado porlo dito chantre en este dito pleito e en como por min foi recibida a prazeres das ditas partes *sub* certas protestaçõs; e visto esto todo e quanto as ditas partes ante o dito chantre e

ante min quisieron dizer e razoar ata ¹⁶² que concludiron e pediron sentença, avido sobre todo meu acordo e consello con omes bõos leterados e sabedores en foro e dereito e conmigo, meesmo día asignado para dar sentença en este pleito e non feriado, as partes presentes e sentença demandantes, acho que o dito Diego Gomes, tío da dita ¹⁶³ dona Joana, ouvo e tevo por súa filla, a dita Moor Díaz, e que o dito Vaasco Gomes que a criou e tevo por sobriña. Outrosí acho que a dita Tereija Vaásquez era parenta da dita Joana [---] madre dentro enno quarto grado; et acho porlo dito e testimonys das ditas testimonyas e de ca¹⁶⁴da ùa delas que a dita Moor Díaz era prima da dita dona Joana, e que a dita Tereija Vaásquez era súa parenta dentro enno quarto grado. E por quanto a parte do dito Fernán Ianes confesou [---] a

dita Moor Díaz e casara con a dita Tereija Vaásquez ante do matrimonio feito, pronuncio [a] [en]¹⁶⁵tençon da dita Joana por ben provada e dou por nihũas as palavras de casamento e matrimonio que ontre ela e o dito Fernán Ianes ouvo, e sen embargo delas mando [...][---] en deante façan e ordenen de seus corpos e averes a outras partes o que lles Deu[s] guisar]. ¹⁶⁶E mándolles máis que se confesen cada ùu a seu capelán, e tomen e receban penitencia por razón do pecado que así ontr'eles ouvo, e gaanen carta do vigario geeral para elo [...] mandar ausolver do dito pecado. E por quanto ámbaslas ditas partes ouveron ra¹⁶⁷zón] de contender non con dano a algúa delas en custas algúas, ante mando que paguen o proceso do notario e esta sentença e o se-lario do acesor de por medio. E por miña



sentença defenitiva en estes presentes escritos, veendo Deus ante meus ollos, o pronuncio e julgo e mando todo así en quanto [eu] ^[68] poso e devo de dereito sigundo o poder e comisión que me foi dado e outorgado porlo dito chantre sobr' esta razom.

A qual sentença, dada e liúda á dita dona Joanna, diso que en quanto era por ela que consentía e en quanto era contra ela que apelava. E eso mesmo o dito Estévõ Peres, en n[ome] ^[69] do dito Fernán Inanes, diso que apelava por palabra perante a mercee do bispo d'Ourense e perante seus vigarios, e que protestava de dar súa apelación en escrito enno termio do dereito.

Dada foi esta sentença enno dito mosteiro de San Francisco d'Ourense, nove días do mes de fevereiro, ano do nacemento ^[70] de noso señor Jesucristo de mil e trezentos e noventa e

oito anos. Testimuyas que foron presentes: Pero Anes de Novoa, Álvaro Díaz, fillo de García Díaz; Fernán García, ome do dito Afonso Fernandes; e Diego Cide e Martiño, sobriño do abade da Triindade, e Joán de Trella, moradores en Ourense, e outros.

^[71] E eu, Nuno Gonçalvez, notario público sobredito, que a todo esto que sobredito he presente foi e en miña presenza o fiz escribir, e aquí meu signal fiz en testemoyo de verdade que tal he.

^[72] Taixada esta sentença e outra atal que levou o procurador de Fernán Inanes, cada ùa, ^[73] cento e viinte moravedís, sem o selario do notario, que monta con o acesor CCXL^a moravedís.

Alfonsus Fernandi, canonicus Auriensis.

4. Referencias bibliográficas

- Cabana Outeiro, Alexandra (2007): *O Tombo H da Catedral de Santiago de Compostela. Edición e estudo*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Historiadores.
- Cavero Domínguez, Gregoria, César Álvarez Álvarez e José Antonio Martín Fuerte (2001): *Colección documental del Archivo Diocesano de Astorga*. León: Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro», Caja España de Inversiones, Archivo Histórico Diocesano.
- Díaz-Castroverde Lodeiro, José Luís (2012): *Morgados e xurisdicións na terra e condado de Taboada. Séculos XV-XVIII*. Guntín: Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares.
- Duby, Georges (1982): *El caballero, la mujer y el cura. El matrimonio en la Francia feudal*. Madrid: Taurus.
- García-Fernández, Miguel (2012): “Mujeres luchando por sí mismas. Tres ejemplos para el estudio de la toma de conciencia femenina en la Galicia bajomedieval”, *Historia I+D. Revista de Estudios Históricos* 1, pp. 33-70.
- (2017a): “Vivir y morir en femenino en la Galicia de los siglos XIV y XV”, en E. Pardo de Guevara y Valdés (ed.), *Mujeres con poder en la Galicia medieval (siglos XIII-XV). Estudios, biografías y documentos*. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, pp. 71-239.
- (2017b): “Investigando as marxes e expresións de liberdade feminina na Idade Media: voces e actuacións de mulleres ante os «malos casamentos»”, en A. González Penín, E. Aguayo Lorenzo e A. Jesús López Díaz (eds.), *Transformando dende a universidade. V Xornada Universitaria Galega en Xénero, Vigo, 7 de xullo 2017*. Vigo / Santiago de Compostela / A Coruña: Universidade de Vigo / Universidade de Santiago de Compostela / Universidade da Coruña, pp. 249-260.
- (2021): “Mujeres y transmisión de la herencia en las *Partidas* de Alfonso X: un marco normativo para la práctica testamentaria bajomedieval”, en J. M. Fradejas Rueda, E. Jerez Cabrero e R. Pichel (eds.), *Las Siete Partidas del Rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Frankfurt am Main / Madrid: Vervuert / Iberoamericana, pp. 223-249.
- (2022a): “*Nin santas, nin pecadoras; ou todo e máis*. Da condición feminina ás voces e actuacións das mulleres na documentación medieval galega”, en R. Pichel (ed.), «Tenh'eu que mi fez el i mui gran ben». Estudos sobre cultura escrita medieval dedicados a Harvey L. Sharrer. Madrid: Sílex, pp. 225-283.
- (2022b): “Las mujeres como *fazedoras* y *guardianas* de la cultura escrita en la Galicia medieval. Una aproximación preliminar”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 25, pp. 115-136, DOI: <https://doi.org/10.5209/madr.90527>.
- (2022c): “Doña Aldonza de Mendoza y las mujeres de la nobleza finimiedieval: *fazedoras* de palabras ¿y escrituras?””, en B. Almeida, R. Pichel e D. Vázquez Balonga (eds.), *Escritura en mano de mujeres en el ámbito hispánico de la Edad Media a la Modernidad*. Madrid: Sílex, pp. 37-100.

- Mariño Paz, Ramón (2018): “Literatura en galego e mecenado na Idade Media”, en A. Rodríguez, X. B. Arias Freixedo (eds.), *The Vindel Parchment and Martin Codax. The Golden Age of Medieval Galician Poetry / O Pergamiño Vindel e Martin Codax. O esplendor da poesía galega medieval*. Amsterdam: John Benjamins, pp. 103-117.
- Méndez Pérez, Xosé (2018): “O «Alcázar, Casa Fuerte y Fortaleza» de Chantada: unha memoria esvaecida da que xa ninguén se lembra”, *Alicerces. Revista de estudos sobre o Miño medio* 4, pp. 193-205.
- Méndez Pérez, José, Pablo S. Otero Piñeyro-Maseda e Miguel Romaní Martínez (2016): *El monasterio de San Salvador de Chantada. Historia y documentos*. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento
- Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo (2017): “Repertorio biográfico. Genealogía y prosopografía de mujeres con poder en la Galicia medieval (siglos XIII-XV)”, en E. Pardo de Guevara y Valdés (ed.), *Mujeres con poder en la Galicia medieval (siglos XIII-XV). Estudios, biografías y documentos*. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, pp. 343-607.
- Pichel, Ricardo (2017): “O casal Lima-Seixas no percurso da produción literaria galega a cabalo dos séculos XIV e XV”, *Alicerces. Revista de estudos sobre o Miño medio* 3, pp. 113-139.
- (2021): “«Sabean quantos este liuro virem...». A recepción galega do legado historiográfico e haxiográfico do Rei Sabio na primeira metade século XIV”, en S. R. Doubleday / J. M. Andrade Cernadas (eds.), *Galicia no tempo de Afonso X. Galicia in the Age of Alfonso X*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 299-354, <https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4432> [consulta: 19/11/2023].
- (2022): “«E aquí escripvo o que achey, e quen mays souer acreçente». La *Crónica de 1404* revisitada: balance y nuevos enfoques de estudio”, en L. Martín Aizpuru / J. M. Valero Moreno (dirs.), A. López Martínez (ed.), *La lengua de los copistas. Variación y modelos de la escritura del texto en el español medieval*. Salamanca: IEMYRhd & SEMYR, Biblioteca Cartagena, pp. 67-96, <https://bibliotecacartagena.usal.es/monografia/la-lengua-de-los-copistas> [consulta: 19/11/2023].
- Pichel, Ricardo, Marina A. Garzón Fernández, Tania Vázquez García e Miguel García-Fernández / Esther Corral Díaz e Ricardo Pichel (coords.) (2020): *Guía para o estudo da prosa galega medieval*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Col. Arquivo Galiza Medieval, 3), <https://libraria.xunta.gal/gl/guia-para-o-estudo-da-prosa-galega-medieval-3> [consulta: 19/11/2023].
- Pichel, Ricardo e Xavier Varela Barreiro (2017): “O fragmento galego-portugués do *Livro de Tristam*. Nova proposta cronolóxica e diatópica”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 20, pp. 159-214, DOI: <https://doi.org/10.5209/MADR.57636>.
- Sottomayor-Pizarro, José Augusto (2015): “A familia Lima entre a Galiza e Portugal (séculos XII a XVI)”, en *Paço de Giela: história de um monumento*. Arcos de Valdevez: Município de Arcos de Valdevez, pp. 16-65.